

MINISTERIO DE FOMENTO

22129 *ORDE FOM/3837/2006, do 28 de novembro, pola que se establece o procedemento de bonificación das tarifas aéreas nacionais aos membros de familias numerosas.* («BOE» 301, do 18-12-2006.)

A Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas, prevé no artigo 12 que a Administración xeral do Estado establecerá un réxime de bonificacións en materia de transportes, atendendo, entre outros criterios, ás categorías en que se clasifican as familias numerosas.

O Regulamento da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas, aprobado polo Real decreto 1621/2005, do 30 de decembro, establece no seu artigo 13 as bonificacións de que, pola utilización de transporte aéreo nacional, poderán gozar as familias numerosas que teñan recoñecida oficialmente tal condición. Así mesmo, no parágrafo segundo o dito artigo determina que o Ministerio de Fomento establecerá o procedemento que deberán aplicar as compañías aéreas para efectuar as bonificacións anteriormente citadas, e a súa posterior liquidación e control.

En cumprimento do disposto no artigo 13 do citado regulamento, esta orde ten por obxecto establecer o procedemento para a aplicación das bonificacións sobre as tarifas regulares de transporte aéreo nacional aos membros de familias numerosas, e determinar as formalidades que deberán seguir as compañías aéreas para emitir os billetes aéreos bonificados e a súa posterior liquidación e control.

A entrada en vigor desta orde aprázase ata o primeiro día do mes seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado, coa finalidade de que as compañías aéreas adecuen os seus sistemas informáticos, para que na emisión de billetes automatizados ou electrónicos se inclúa a bonificación a que se refire esta orde, así como os datos que garantan a súa correcta utilización.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Esta orde ten por obxecto regular o procedemento que seguirán as compañías aéreas para a aplicación das bonificacións pola utilización de transporte aéreo nacional, previstas no artigo 13 do Regulamento da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección das familias numerosas, aprobado polo Real decreto 1621/2005, do 30 de decembro.

O procedemento previsto nesta orde será aplicado polas compañías aéreas, as súas delegacións e axencias, para a redución do importe das tarifas establecidas para os servizos regulares de transporte aéreo nacional, que sexan utilizados en todos os voos con orixe e destino no territorio nacional por calquera dos membros de familias numerosas que teñan recoñecida oficialmente tal condición, de conformidade co disposto na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

Artigo 2. *Acreditación da condición de familia numerosa.*

Para obter a bonificación sobre as tarifas dos servizos nacionais de transporte aéreo a que se refire o artigo 3, os viaxeiros deberán acreditar a condición de membro de familia numerosa ante as compañías aéreas, as súas delegacións e axencias expedidoras de billetes aéreos, presentando o título oficial de familia numerosa ou documento individual, en vigor, expedidos pola comunidade

autónoma competente de conformidade co disposto no artigo 2 do Regulamento da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección das familias numerosas.

Artigo 3. *Contía da bonificación.*

De conformidade co disposto no artigo 13.1 do Regulamento da Lei 40/2003, do 18 de novembro, os membros de familias numerosas que teñan recoñecida oficialmente tal condición, poderán beneficiarse dunha redución do cinco por cento se están clasificadas na categoría xeral e dun dez por cento se o están na categoría especial, sobre as tarifas por servizos regulares nacionais de transporte aéreo, rexistradas e publicadas de acordo coas normas establecidas sobre a materia.

A obtención das bonificacións a que se refire esta orde será compatible e, se é o caso, as porcentaxes correspondentes serán acumulables ás das bonificacións establecidas para o transporte aéreo dos residentes en Canarias, Balears, Ceuta e Melilla, reguladas polas súas normas especiais.

En ningún suposto se poderá bonificar o maior importe que sobre as tarifas supoñan os prezos das tarifas de clase superior nos servizos de transporte aéreo, conforme os mesmos criterios establecidos nas normas reguladoras das bonificacións establecidas para o transporte aéreo aos residentes en Canarias, Balears, Ceuta e Melilla. Tampouco se admitirá a bonificación das tarifas en traxectos con escalas fóra do territorio nacional.

Artigo 4. *Órganos competentes e de control da Administración xeral do Estado.*

1. O órgano xestor das bonificacións pola utilización do transporte aéreo aos membros das familias numerosas será a Dirección Xeral de Aviación Civil.

2. A inspección e o control do cumprimento do disposto nesta orde para a percepción e reintegro ás empresas aéreas das bonificacións que nela se prevé, corresponderalles aos ministerios de Economía e Facenda e de Fomento.

Artigo 5. *Responsabilidades do beneficiario.*

1. Os pasaxeiros que dispoñan de billete aéreo electrónico bonificado deberán viaxar provistos do documento en vigor que acredite a súa condición de familia numerosa, é dicir, o título oficial de familia numerosa ou documento individual.

2. Cando sexa requirido pola compañía aérea ou polos órganos de inspección e control a que se refire o artigo 4, o pasaxeiro que viaxe cun billete aéreo bonificado, calquera que sexa a súa forma de emisión, deberá acreditar, no momento de facturación, embarque, ou en calquera momento do traxecto, a súa identidade mediante o documento nacional de identidade ou documento equivalente, en vigor.

3. Se o pasaxeiro non puidese acreditar a súa identidade ou, se é o caso, a condición de membro de familia numerosa, ou ben os seus datos non coincidisen cos do titular que figura no billete, non poderá efectuar a viaxe correspondente co dito billete, sen prexuízo das restantes responsabilidades en que puidese incurrir, conforme o título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 6. *Emisión do billete aéreo.*

1. Antes da emisión do billete, a compañía aérea, as súas delegacións ou axencias, deberánlles solicitar aos interesados a exhibición do título oficial acreditativo da condición de familia numerosa ou o documento individual, en vigor, conforme o disposto no artigo 2.

A exhibición do dito título oficial será obrigatoria mentres non se habilite un procedemento de validación automático.

2. A achega dos datos do título oficial de familia numerosa, ou documento individual, entenderase como declaración de responsabilidade do beneficiario sobre a vixencia destes e a súa condición de membro de familia numerosa.

3. No momento de emitir o billete bonificado, as compañías aéreas e as súas delegacións ou axencias anotarán obrigatoriamente nos correspondentes títulos de transporte os seguintes datos:

a) O número do documento nacional de identidade ou equivalente. No caso dos españois menores de 14 anos sen DNI, a data de nacemento.

b) O código da comunidade ou cidade autónoma expedidora do título oficial de familia numerosa, ou documento individual, conforme a codificación establecida no anexo I.

c) O número de orde do título de familia numerosa.

d) A categoría en que queda clasificada a familia numerosa.

4. Cando a emisión do billete aéreo se realice mediante rexistros electrónicos existentes nunha base de datos, que substitúan o título de transporte en soporte papel ou mediante calquera outro sistema de venda, que non permita a comprobación directa do título oficial de familia numerosa, no momento da emisión do billete, a compañía aérea, delegación ou axencia deberá rexistrar os datos enumerados no punto 3 deste artigo.

Ademais, neste suposto, a condición de membro de familia numerosa deberá acreditarse no momento da facturación, logo de embarque, con independencia de que o usuario dispoña anticipadamente da correspondente tarxeta de embarque. Para estes efectos, a compañía advertiralle ao pasaxeiro que a utilización do billete electrónico está condicionada á presentación da documentación acreditativa de ser membro de familia numerosa prevista no artigo 2.

Para os efectos do control interno da compañía e do Ministerio de Fomento, a información contida no rexistro electrónico que conforma o cupón de voo na base de datos conterá como mínimo esta información que reproduce o título de transporte en soporte de papel, incluídos os datos indicados no punto 2 deste artigo.

Artigo 7. *Liquidación da bonificación.*

1. As liquidacións das bonificacións efectuaranse por meses naturais vencidos, mediante certificación expedida polas empresas de transporte, de acordo co modelo que se indica no anexo III.

As liquidacións mensuais poderán presentarse nun prazo máximo de seis meses, contados a partir do mes seguinte a aquel a que corresponde a liquidación.

2. As compañías presentarán en soporte informático os ficheiros de voos mensuais e de tarifas, de acordo cos formatos e especificacións que se indican no anexo II, indicando os datos totais contidos no dito soporte. O órgano xestor disporá dun prazo de dez días, desde a recepción do soporte informático, para comunicarlles ás compañías aéreas a admisión ou non dos ditos datos para o seu posterior proceso.

3. A comprobación do contido do soporte informático polo órgano xestor deberá efectuarse nun prazo máximo de trinta días, contados desde a data de recepción válida, de acordo coas seguintes pautas:

a) Naqueles casos en que o órgano xestor detecte incorreccións ou incoherencias no contido dos datos dos soportes informáticos mensuais, definidos no punto 3 deste artigo, comunicaráselles ás empresas para que no

prazo de trinta días naturais, contados a partir da data de recepción da comunicación, se proceda a emendar os erros detectados. Transcorrido o dito prazo, os importes da subvención dos ditos erros que non fosen emendados serán deducidos da liquidación que corresponda.

b) Se os erros finalmente deducidos, referidos na alínea a), representan unha porcentaxe superior ao cinco por cento do total dos cupóns de voo incluídos no ficheiro mensual, efectuaranse comprobacións documentais dos cupóns de voo da dita base de datos de acordo cos seguintes procedementos e criterios:

1.º Realizarase mostraxe aleatoria proporcional ao volume do total dos cupóns de voo contidos no ficheiro mensual, unha vez deducidos os erros segundo a alínea a), que proporcione estatisticamente un nivel de confianza suficiente. As compañías aéreas deberán presentar a documentación resultante da mostraxe aleatoria no prazo máximo de trinta días naturais desde o seu requirimento.

2.º Os cupóns de voo non presentados, así como os erros que se puidesen detectar na comprobación documental, que se realizará no prazo máximo dun mes, seranlle comunicados á compañía aérea, para que no prazo de quince días se proceda á súa emenda.

3.º Transcorrido o dito prazo, se o resultado da mostraxe dá un índice de erro inferior ou igual a un cinco por cento dos documentos, deducirase o importe da bonificación dos ditos erros da certificación correspondente. Se o índice de erro fose superior ao cinco por cento, extrapolarase ao total da liquidación mensual que corresponda, na porcentaxe de erro resultante da mostraxe.

4. Concluídos os anteriores procesos de control, iniciárase o procedemento de pagamento da correspondente liquidación mensual, para o cal as compañías aéreas deberán remitir un certificado, diferenciando por categorías xeral e especial, o número de cupóns de voo e o importe da subvención correspondente, en cada unha delas, así como os importes dos erros detectados e aceptados polas empresas, no caso de habelos.

5. As compañías aéreas conservarán os cupóns de voo bonificados á disposición da Intervención Xeral da Administración do Estado, do Ministerio de Fomento e do Tribunal de Contas, durante o prazo de prescrición previsto no artigo 25 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, pola que se aproba a Lei xeral orzamentaria.

6. As certificacións mensuais serán expedidas polas compañías emisoras dos billetes, independentemente da execución do transporte por si mesma ou por outra compañía aérea, e será responsabilidade da compañía emisora o cumprimento do disposto nesta orde.

Artigo 8. *Control e verificación da identidade dos beneficiarios das bonificacións polas compañías aéreas.*

1. As compañías aéreas deberán comprobar a identidade do beneficiario cuxo nome figure no billete, co seu documento nacional de identidade ou documento equivalente, en vigor.

Se o billete é electrónico, ademais deberán comprobar no momento da facturación previo ao embarque, a identidade do beneficiario co seu título de familia numerosa ou documento individual, en vigor, conforme o disposto no artigo 6.4. Cando as ditas comprobacións non se poidan realizar en facturación, efectuaranse no embarque.

2. Un pasaxeiro que posúa un billete bonificado e non acredite a súa identidade polos procedementos previstos nesta orde ou non sexa titular deste, non poderá realizar a viaxe con aquel título de transporte, e as compañías aéreas deberán levantar un parte do incidente, que será trasladado ao órgano xestor, segundo modelo indicado no anexo IV.

3. As compañías aéreas e mais os seus axentes, no ámbito das súas responsabilidades respectivas, darán estrito cumprimento aos requisitos establecidos nesta orde.

Artigo 9. *Inspección e control.*

A Dirección Xeral de Aviación Civil efectuará inspeccións periódicas sobre o cumprimento do control e verificación que deben efectuar as compañías aéreas segundo o disposto no artigo 8.1. Así mesmo, poderá efectuar periodicamente comprobacións documentais dos cupóns de voo, mediante mostraxe aleatoria, segundo os criterios do artigo 7.3.

Cando os sistemas informáticos o permitan, poderanse habilitar procedementos para efectuar validacións dos datos dos títulos oficiais de familias numerosas ache-

gados polas compañías aéreas, cos das comunidades autónomas expedidoras dos ditos títulos.

Disposición derradeira primeira. *Medidas de aplicación e execución.*

A Dirección Xeral de Aviación Civil adoptará as medidas necesarias para a aplicación e execución desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o primeiro día do mes seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 28 de novembro de 2006.—A ministra de Fomento, Magdalena Álvarez Arza.

ANEXO I**Relación de códigos de comunidades/
cidades autónomas**

Código	Comunidades autónomas
41 0917	ANDALUCÍA
33 0447	ASTURIAS
50 2973	ARAGÓN
15 0780	GALICIA
39 0759	CANTABRIA
01 0590	PAÍS VASCO
31 2016	NAVARRA
08 0193	CATALUÑA
47 1868	CASTILLA Y LEÓN
06 0830	EXTREMADURA
45 1685	CASTILLA-LA MANCHA
46 2508	VALENCIA
30 0308	MURCIA
26 0892	LA RIOJA
07 0407	ILLES BALEARS
38 0380	CANARIAS
28 0796	MADRID

Código	Comunidades autónomas
51 0013	CEUTA
52 0018	MELILLA

ANEXO II**Ficheiros de entrada**

As compañías aéreas deberán presentar os ficheiros de voos mensuais, conforme as especificacións que se indican a continuación:

Ficheiro de voos

O ficheiro de voos conterá os cupóns voados {cupóns de voo} no mes que indica o nome do propio ficheiro e, se é o caso, aqueles cupóns voados en meses anteriores que non puideron ser incluídos en ficheiros de meses pasados (máximo doce meses). Será de texto ASCII e contará cunha liña de texto por cada cupón facturado con bonificación de familia numerosa. Cada liña (cupón) irá separada por un final de liña tipo DOUS: CR e LF (ASCII 13 e ASCII 10 respectivamente). Cada liña (cupón) terá 21 campos separados polo carácter "|" (ASCII 124). Os campos terán o contido e formato dados pola seguinte táboa:

Nº de orde	Denominación do campo	Contido do campo
1	ANO FACTURACIÓN	O ano de facturación con catro díxitos. Caracteres permitidos: 0 a 9.
2	MES FACTURACIÓN	O número de orde anual do mes de facturación con dous díxitos, correspondendo o 01 a xaneiro e, consecutivamente, ata o 12 que corresponde a decembro. En caso de que o número do mes sexa inferior a dez, engadirase un cero á esquerda. Caracteres permitidos: 0-9. Nota: non se aceptará o carácter 'espazo' (ASCII 32 decimal).
3	CÓDIGO COMPAÑÍA	Código alfanumérico de tres caracteres, que identifica a compañía responsable da facturación, que será asignado ao acreditarse a compañía como entidade emisora de facturas de cupóns de voo con dereito a subvención. Se a compañía dispón de código numérico IATA, poderá propoñer este como código de compañía. Caracteres permitidos: A-Z, 0-9. Nota: non se aceptará o carácter 'espazo' (ASCII 32 decimal).
4	NÚMERO BILLETE	O número de billete con doce díxitos. En caso de que o número de díxitos significativos sexa menor de 12, deberase cubrir con ceros á esquerda ata completar as doce posicións. Caracteres permitidos: 0-9. Nota: non se aceptará o carácter 'espazo' (ASCII 32 decimal).
5	NÚMERO CUPÓN	O número do cupón de voo con dous díxitos. En caso de que o número sexa dun único dígito, deberase engadir un cero á esquerda. Caracteres permitidos: 0-9. Nota: non se aceptará o carácter 'espazo' (ASCII 32 decimal).
6	COMPAÑÍA UTILIZACIÓN	Código alfanumérico de tres caracteres, que identifica a compañía que realiza o voo, que será asignado ao acreditarse a compañía como entidade emisora de facturas de cupóns de voo con dereito a subvención. Se a compañía dispón de código numérico IATA, poderá propoñer este como código de compañía. Caracteres permitidos: A-Z, 0-9. Nota: non se aceptará o carácter 'espazo' (ASCII 32 decimal).
7	TIPO SUBVENCIÓN	Un valor numérico que se corresponde coa táboa seguinte: Familia numerosa categoría xeral 09 Familia numerosa categoría especial 10 Caracteres permitidos: 0-9. Non se aceptará o carácter 'espazo' (ASCII 32 decimal).

Nº de orde	Denominación do campo	Contido do campo
8	DENOMINACIÓN TARIFA	<p>Secuencia alfanumérica composta polo código da tarifa rexistrada e aplicada seguido polos códigos dos descontos se os houber. As dúas últimas posicións conterán o seguinte, segundo a razón da subvención:</p> <p>Familia numerosa categoría xeral F1 Familia numerosa categoría especial F2</p> <p>No caso de coincidencia coa bonificación de residente, o código de familia numerosa irá en último lugar</p> <p>O campo deberá estar xustificado á esquerda, cubríndose con espazos (ASCII 32 decimal) ata completar a lonxitude do campo. Caracteres permitidos: A-Z, 0-9.</p>
9	TARIFA COBRADA	<p>Importe en céntimos de euro da tarifa aplicada tras realizar os descontos comerciais, se os houber (en ningún caso o de familia numerosa e o de residente se coincidisen ambas as circunstancias), arredondando ao céntimo de euro. Caracteres permitidos: 0-9. Nota: non se aceptará o carácter 'espazo' (ASCII 32 decimal). O campo cubrirase con ceros á esquerda se o importe ten menos de seis díxitos.</p>
10	IMPORTE SUBVENCIÓN	<p>Importe en céntimos de euro da subvención facturada, resultante de lle aplicar o desconto legalmente establecido á tarifa cobrada, arredondando igualmente ao céntimo de euro. Caracteres permitidos: 0-9. Nota: non se aceptará o carácter 'espazo' (ASCII 32 decimal). O campo cubrirase con ceros á esquerda se o importe ten menos de seis díxitos.</p>
11	DATA EMISIÓN BILLETE	<p>1. Data de emisión do billete no formato DD/MM/AAAA en que:</p> <ul style="list-style-type: none"> • DD é o número de día do mes. Se é inferior a 10 engadirase un cero á esquerda. • MM é o número do mes. Se é inferior a 10 engadirase un cero á esquerda. • AAAA é o ano con catro díxitos. <p>Caracteres permitidos: 0-9 e '/' (ASCII 47 decimal). Nota: non se aceptará o carácter 'espazo' (ASCII 32 decimal).</p>
12	DATA UTILIZACIÓN	<p>1. Data e hora de utilización do cupón no formato DD/MM/AAA HH:MM en que DD, MM, AAAA será conforme co establecido para o campo 11 e:</p> <ul style="list-style-type: none"> • HH é a hora de comezo do voo en formato 24h. Se é inferior a 10 engadirase un cero á esquerda. • MM é o minuto de comezo do voo. Se é inferior a 10 engadirase un cero á esquerda. <p>O grupo data estará separado do grupo hora mediante un único espazo (ASCII 32 decimal). Caracteres permitidos: 0-9, '/' (ASCII 47 decimal) e ':' (ASCII 58 decimal).</p>
13	ORIXE	<p>O código de identificación de localidade IATA de tres letras correspondente ao aeroporto de orixe do cupón. Nos casos en que existan códigos múltiples para un certo aeroporto, indicarse cal é o que deberá figurar na táboa. Caracteres permitidos: A-Z, 0-9.</p>
14	DESTINO	<p>O código de identificación de localidade IATA de tres letras correspondente ao aeroporto de destino do cupón. Nos casos en que existan códigos múltiples para un certo aeroporto, indicarse cal é o que deberá figurar na táboa. Caracteres permitidos: A-Z, 0-9.</p>
15	IDENTIFICACIÓN COMPAÑÍA	<p>Código de identificación do billete para a compañía. Caracteres permitidos: desde ASCII 32 decimal, inclusive, ata ASCII 127, exclusive.</p>
16	DOCUMENTO DE IDENTIFICACIÓN	<p>Tipo de documento de identificación, con dous díxitos; o situado máis á esquerda é un cero (ASCII 48 decimal) presentado segundo a seguinte táboa:</p> <p>01 DNI 02 Tarxeta de residente 03 Documento equivalente 04 Español menores 14 anos s/DNI, data nacemento no formato DDMMAAAA</p> <p>Caracteres permitidos: 0-2. Non se aceptará o carácter 'espazo' (ASCII 32 decimal).</p>

Nº de orde	Denominación do campo	Contido do campo
17	NÚM. DOCUMENTO	O número de DNI ou tarxeta de residente, incluíndo letra de validación. En caso de que o número de díxitos significativos sexa menor de 9, deberase cubrir con ceros á esquerda ata completar as doce posicións. Caracteres permitidos: 0-9, A-Z. Nota: non se aceptará o carácter 'espazo' (ASCII 32 decimal).
18	CÓDIGO CC.AA.	Código da comunidade ou cidade autónoma de residencia (segundo anexo I). Constará de seis caracteres numéricos, incluíndo os ceros non significativos. Caracteres permitidos: 0-9. Non se aceptará o carácter 'espazo' (ASCII 32 decimal).
19	TIPO EMISIÓN	Caracteres permitidos: 1 ou 2. O tipo de emisión do cupón pode adoptar os valores: Manual: 0 (ASCII 48 decimal) Automático: distinto de cero
20	CÓDIGO NUMÉRICO IATA DE AXENCIA	O código numérico da lista de axentes e localizacións IATA, con sete díxitos máis o dígito de control. Este campo é optativo, e cando non se formalice deberán cubrirse as oito posicións con ceros. Caracteres permitidos: non se aceptará o carácter "espazo" (ASCII 32 decimal)
21	NÚMERO TÍTULO OFICIAL	Código alfanumérico do título oficial de familia numerosa. Caracteres permitidos: desde ASCII 32 decimal, inclusive, ata ASCII 127, exclusive.

O campo "IDENTIFICACIÓN COMPAÑÍA" é de utilidade á propia compañía para identificar ou localizar os billetes ou cupóns mediante un código interno. Este dato será incluído en todas as listaxes de billetes remitidas á compañía (facilitando a esta a identificación do cupón referido). Por tanto, cubrirase con espazos en branco cando non se utilice. A formalización dos demais campos é obrigatoria.

Os campos numéricos irán axustados á dereita e cubertos con ceros. Os campos alfanuméricos (son unicamente válidos os caracteres ASCII 32 a 255) irán axustados á esquerda.

Resumo do formato da táboa de cupóns de voo.

Nº	Campo	Posición	Lonxitude	Caracteres permitidos				Xustificado
				0-9	A-Z	Outros	Espazo	
1	ANO FACTURACIÓN	1 - 4	4	Si	Non	Non	Non	Total
2	MES FACTURACIÓN	6 - 7	2	Si	Non	Non	Non	Total
3	CÓDIGO COMPAÑÍA	9 - 11	3	Si	Si	Non	Non	Total
4	NÚMERO BILLETE	13 - 24	12	Si	Non	Non	Non	Cuberto 0s
5	NÚMERO CUPÓN	26 - 27	2	Si	Non	Non	Non	Cuberto 0s
6	COMPAÑÍA UTILIZACIÓN	29 - 31	3	Si	Si	No	Non	Total
7	TIPO SUBVENCIÓN	33 - 34	2	Si	Non	Non	Non	Cuberto 0s
8	DENOMINACIÓN TARIFA	36 - 51	16	Si	Si	Non	Si	Esquerda
9	TARIFA COBRADA	53 - 58	6	Si	Non	Non	Non	Cuberto 0s
10	IMPORTE SUBVENCIÓN	60 - 65	6	Si	Non	Non	Non	Cuberto 0s
11	DATA EMISIÓN BILLETE	67 - 76	10	Si	Non	'/'	Non	Total
12	DATA UTILIZACIÓN	78 - 93	16	Si	Non	'/' e '!'	Si	Total
13	ORIXE	95 - 97	3	Si	Si	Non	Non	Total
14	DESTINO	99 - 101	3	Si	Si	Non	Non	Total
15	IDENTIFICACIÓN COMPAÑÍA	103 - 166	64	Si	Si	>= 32 e < 127	Si	Esquerda
16	TIPO DE ACREDITACIÓN DE IDENTIDADE	168 - 169	2	1-2	Non	Non	Non	Cuberto 0s
17	NÚMERO DOCUMENTO	171 - 179	9	Si	Si	Non	Non	Cuberto 0s
18	CÓDIGO CC. AA.	181 - 186	6	Si	Non	Non	Non	Cuberto 0s
19	TIPO EMISIÓN	188 - 189	2	Si	Si	Non	Si	Total
20	CÓDIGO NUMÉRICO IATA AXENCIAS	191 - 198	8	Si	Non	Non	Non	Total
21	NÚMERO TÍTULO OFICIAL	200 -	variable	Si	Si	Non	Si	Esquerda

Ficheiro de tarifas máximas

O ficheiro de tarifas máximas conterá aquelas necesarias para a comprobación dos topes máximos de subvención aplicable a cada cupón facturado no mes correspondente. Inclúiranse as tarifas básicas ou máximas de non existiren aquelas, relativas aos cupóns voados pola compañía emisora e as dos traxectos de cupóns de voo realizados por outras compañías e incluídos no ficheiro de voos do mes facturado. Non se necesitará proporcionar aquelas tarifas básicas ou máximas que xa foron notificadas con anterioridade. Só será necesario incluír as tarifas de compañías distintas da de facturación cando estas non fosen xa notificadas pola compañía de utilización.

O ficheiro será de texto ASCII e contará cunha liña de texto por cada tarifa máxima indicada. Cada liña irá separada por un final de liña tipo DOUS: CR e LF (ASCII 13 e ASCII 10 respectivamente). Cada liña terá 10 campos separados polo carácter “|” (ASCII 124) e un total de 63 caracteres/tarifa (incluídos caracteres separadores e terminadores de liña). Os campos terán o contido e formato dados pola seguinte táboa:

Nº de orde	Denominación do campo	Contido do campo
1	CÓDIGO COMPAÑÍA EMISIÓN	Código alfanumérico de tres caracteres que identifica a compañía que emite o billete susceptible de subvención. Se a compañía dispón de código numérico IATA, poderá propoñer este como código de compañía. Caracteres permitidos: A-Z, 0-9. Nota: non se aceptará o carácter 'espazo' (ASCII 32 decimal).
2	CÓDIGO COMPAÑÍA UTILIZACIÓN	Código alfanumérico de tres caracteres que identifica a compañía que realiza o voo. Se a compañía dispón de código numérico IATA, poderá propoñer este como código de compañía. Caracteres permitidos: A-Z, 0-9. Nota: non se aceptará o carácter 'espazo' (ASCII 32 decimal).
3	ORIXE	O código de identificación de localidade IATA de tres letras correspondente á localidade de orixe do traxecto. Nos casos en que existan códigos múltiples para un certo aeroporto, indicarase cal é o que deberá figurar na táboa. Caracteres permitidos: A-Z, 0-9. Non se aceptará o carácter 'espazo' (ASCII 32 decimal).
4	DESTINO	O código de identificación de localidade IATA de tres letras correspondente á localidade de destino do traxecto. Nos casos en que existan códigos múltiples para un certo aeroporto, indicarase cal é o que deberá figurar na táboa. Caracteres permitidos: A-Z, 0-9. Non se aceptará o carácter 'espazo' (ASCII 32 decimal).
5	VÍA	O código de identificación de localidade IATA de tres letras correspondente á localidade de tránsito no traxecto. Caracteres permitidos: A-Z, 0-9. Nota: pode empregarse o carácter 'espazo' (ASCII 32 decimal) para cubrir as posicións non ocupadas ata completar a lonxitude do campo, no caso de que este campo non for de aplicación.
6	VÍA (2)	O código de identificación de localidade IATA de tres letras correspondente á localidade de tránsito no traxecto. Caracteres permitidos: A-Z, 0-9. Nota: pode empregarse o carácter 'espazo' (ASCII 32 decimal) para cubrir as posicións non ocupadas ata completar a lonxitude do campo, no caso de que este campo non for de aplicación.
7	CÓDIGO TARIFA MÁXIMA	O código da tarifa básica ou máxima utilizado pola compañía que realiza o voo. Caracteres permitidos: A-Z, 0-9. Nota: pode empregarse o carácter 'espazo' (ASCII 32 decimal) para cubrir as posicións non ocupadas ata completar a lonxitude do campo.
8	TARIFA MÁXIMA	Importe da tarifa básica ou máxima expresado en céntimos de euros, sen separador decimal. Caracteres permitidos: 0-9. Nota: non se aceptará o carácter 'espazo' (ASCII 32 decimal). O campo cubrirase con ceros á esquerda se o importe ten menos de seis díxitos.
9	DATA DE EFECTIVIDADE DESDE	Data en que comeza a oferta da tarifa no formato DD/MM/AAAA en que: DD é o número de día do mes. Se é inferior a 10 engadirase un cero á esquerda. MM é o número do mes. Se é inferior a 10 engadirase un cero á esquerda. AAAA é o ano con catro díxitos. Caracteres permitidos: 0-9 e '/' (ASCII 47 decimal). Nota: non se aceptará o carácter 'espazo' (ASCII 32 decimal).
10	DATA DE EFECTIVIDADE ATA	Último día en que se oferta a tarifa no formato DD/MM/AAAA en que DD, MM, AAAA serán conforme co establecido para o campo 8 do ficheiro de tarifas.

As datas de efectividade é o intervalo en que se poden emitir billetes con esta tarifa máxima.

A formalización de todos os campos, salvo "VIA" ou "VIA (2)", é obrigatoria.

Os campos numéricos irán axustados á dereita e cubertos con ceros. Os campos alfanuméricos (son unicamente válidos os caracteres ASCII 32 a 127) irán axustados á esquerda.

Deberá figurar un rexistro para o traxecto de ida e outro para o de volta no caso de que se oferten ambos os traxectos.

Resumo do formato da táboa de tarifas

Nº	Campo	Posición	Lonxitude	Caracteres permitidos				Xustificado
				0-9	A-Z	Outros	Espazo	
1	CÓDIGO COMPAÑÍA EMISIÓN	1 – 3	3	Si	Si	No	Non	Total
2	CÓDIGO COMPAÑÍA UTILIZACIÓN	5 – 7	3	Si	Si	Non	Non	Total
3	ORIXE	9 – 11	3	Si	Si	Non	Non	Total
4	DESTINO	13 – 15	3	Si	Si	Non	Si	Total
5	VÍA	17 – 19	3	Si	Si	Non	Si	Total
6	VIA (2)	21 - 23	3	Si	Si	Non	Non	Total
7	CÓDIGO TARIFA MÁXIMA	25 – 32	8	Si	Si	Non	Si	Esquerda
8	TARIFA MÁXIMA	34 - 39	6	Si	Non	Non	Non	Cuberto 0s
9	DATA DE EFECTIVIDADE DESDE	41 – 50	10	Si	Non	'/	Non	Total
10	DATA DE EFECTIVIDADE ATA	52 – 61	10	Si	Non	'/	Non	Total

Denominación dos ficheiros

Os ficheiros denominaranse coa seguinte convención: o nome estará composto de oito caracteres seguidos da extensión ".txt". As posicións cubriranse segundo a táboa seguinte:

Posición *	Contido
1-3	O código alfanumérico IATA da compañía, ou ben un código acordado coa DXAC, con tres posicións.
4-5	Ano do mes de facturación con dúas posicións.
6-7	Mes de facturación do 01 ao 12.
8	Identificación dos ficheiros segundo o seguinte: Un 'F' para os ficheiros de cupóns de voos de familias numerosas. Un "T" para os ficheiros de tarifas básicas ou máximas.

ANEXO III

COMPAÑÍA o seu nome e en representación
D/Dona

CERTIFICA QUE:

A cifra de euros que reflicte a presente liquidación das subvencións ao transporte aéreo ás familias numerosas, correspondente ao mes de, é exacta e verídica segundo apuntamentos realizados na nosa contabilidade e segundo se pode demostrar polos documentos que constan nos nosos arquivos de acordo cos datos seguintes:

Nº cupóns	Importe euros
Erros automáticos ou de mostraxe	Importe en euros (en negativo)
Total	Importe euros

Debe incluír:

Nome e sinatura do representante

Datos domicilio social

Selo da compañía

Data

ANEXO IV

ACTA DE INCIDENCIA DE PASAXEIROS NON ADMITIDOS A EMBARQUE

COMPañÍA:.....

AEROPORTO:.....

DATA:.....

DATOS DO BILLETE

Nº billete.....

Nome do titular.....

DNI/Tarxeta de residente.....

DATOS DO PASAXEIRO NON ADMITIDO A EMBARQUE

Nome.....

DNI/Tarxeta de residente.....

OBSERVACIÓNS:Data, nome, sinatura e cargo do responsable que realiza a inspección: